

Igrexa parroquial de San Salvador

090038

Datos de Localización

Igrexa

Nomenclator: 3203204
Coord. UTM: X: 61096187
Y: 465153578
Concello: Xinzo de Limia
Parroquia: FARAMONTAOS
Lugar: Faramontaos
Tipoloxía: Arquitectura Relixiosa
Tipo: Igrexas
Subtipo: Igrexa



Denominación: Igrexa parroquial de San Salvador

Etapa Histórica: Idade Moderna

Estilo relevante Barroco

Outros Estilos:

Descrición:

É a igrexa de San Salvador unha construción sinxela e modesta que data na súa fábrica máis antiga hoxe conservada de 1736 tal e como reza a inscrición do corpo: HIZOSE A QUENTA De / NRA Sa SIENDO ABAD / DN BENITO / RZ / CARDOS AÑO / De 1736 Físoxe a conta de Nosa Señora, sendo abade Don Benito Rodríguez Cardoso Ano de 1736..

A referencia posiblemente se deba a que foi feito con caudais da cofradía de Nosa Señora das Neves. Debía ser un corpo baixo, porque cando se refai a fachada e espadana débesele dar maior altura. No centro do corpo no seu lado norte vese unha porta tapiada.

Na segunda metade do século XVIII, a igrexa é reformada, acontecemento que nos comunica González de Ulloa na súa *Descrición*, ó mesmo tempo que nos dá algúns datos interesantes sobre a anterior igrexa parroquial: "La iglesia está sola, lejos del lugar. Sólo tiene las paredes, lechos, pila bautismal y algunas imágenes dentro, porque los demás muebles se retiran a poblado, a causa de que no los hurten. Hasta el Stmo Sacramento se retiró a una capillita decente de Ntra Sra de las Nieves, sita dentro del lugar, inmediata a la casa del cura. Esta era indignísima, pero la ha puesto muy decente un hermano del actual abad". Do anterior sácase que a igrexa parroquial antiga situábase na finca coñecida coma "Os diestros", onde teñen aparecido sepulcros antropomorfos. Nun momento indeterminado decídese desfacela e situar a parroquial na anterior capela da Nosa Señora das Neves.

A igrexa traballase en dous planos coas esquinas das pilastras labradas o mesmo que os cantos da porta. A cornixa de cuarto bocel. No centro érguese a espadana en dous corpos. O primeiro con dous ocos para as campás con imposta da mesma factura que a cornixa e sobre el outro corpo de menor tamaño igualmente como a fachada traballado en dobre plano, con un oco e acompañado de dous pináculos en forma de bulba rematados en antorcha. No cume dous pináculos de menor tamaño e no centro unha cruz sobre pedestal. Tanto a espadana como a fachada deberon ser realizados xa no século XIX.

A capela maior máis ancha que o resto da construción, e tamén realizada en perpiaño, é obra recente.

BIBLIOGRAFÍA:

FERNÁNDEZ OXEA, José Ramón. *Descrición de los Estados de la Casa de Monterrey en Galicia por D. Pedro González de Ulloa (1777)*. Cuadernos de Estudios Gallegos, anexo IV. Santiago de Compostela. 1950

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada: Granito

Mat. Estrutura: Granito

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 100m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: -----

Proposta Grao de Protección Arq. -----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Devocional

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles







